



Rúa Roma, 21
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>
Tel 600 699 293 - 610 616 968

QUE SON AS AVALIACIÓNS DE PRIMARIA – 2016 ?

ESTABLÉCENSE NA LOMCE, COA MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA LOE:

- **20.3:** dicindo que os centros docentes realizarán unha avaliación individualizada a todo o alumnado ao rematar 3º de primaria, segundo dispoñan as Administracións educativas, na que se comprobará o grao de adquisición de competencias en comunicación lingüística e da competencia matemática,
- **21:** dicindo que ao finalizar o sexto curso de educación primaria realizarase unha avaliación individualizada a todos os alumnos e alumnas, na que se comprobará o grao de adquisición da competencia lingüística, matemática e de ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa.
Establece no punto dous que o Goberno, previa consulta ás CCAA, establecerá os criterios de avaliación e as características xerais das probas para todo o Sistema Educativo Español.
E tamén di no punto tres que o resultado da avaliación se expresará en niveis, e ese nivel de cada alumno ou alumna constará nun informe que se facilitará ás familias, aos centros, e aos centros nos que cursen o seguinte curso escolar

1

EN GALIZA REGÚLASE NA RESOLUCIÓN DE --- ABRIL DE 2016 QUE DI:

• ASPECTOS COMÚNS DE ÁMBALAS DÚAS REVÁLIDAS:

- Se por algunha razón non puidesen desenvolverse as probas, por coincidir un día non lectivo ou por circunstancias sobrevidas, a dirección do centro afectado comunicarao á inspección e á comisión local para que se realicen nunha data inmediatamente posterior. Pero terá que facelo cunha antelación mínimo de cinco días hábiles ao inicio da proba. (Isto é novo, pero non pode utilizarse para o caso de que non vaia o alumnado porque ten que estar avisado cinco días antes).
- Teñen carácter informativo e orientador para familias, docentes, centros educativos e Administración Educativa, complementando a información que xa se recibe e deben servir para:
 - Achegar información individualizada, contribuíndo á detección de dificultades de aprendizaxe.
 - Achegar información aos centros educativos para que tomen medidas en función dos resultados.
 - Achegar información ás familias e á Administración educativa para o establecemento de medidas encamiñadas á mellora educativa.
- A Administración proporcionará aos centros docentes o material e o soporte informático.
- Na proba haberá cadernos de alumnado para cada competencia avaliada, e cuestionarios de contexto para o profesorado, dirección do centro, alumnado e familias



Rúa Roma, 21
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

- **COMISIONS DE COORDINACIÓN** - Haberá dous niveis de coordinación:
 - **Comisión local de avaliación FINAL de educación primaria:**
 - Formarase en cada sede da Inspección educativa, e estará composta por tres inspectores-as, e dous directores-as (ou dous profesores-as funcionarios) e corresponderalle:
 - Informar aos centros
 - Coordinar a realización das avaliacións
 - Coordinar os procesos de corrección, rexistro e cualificación.
 - Resolver as solicitudes de revisión.
 - **Comisións de coordinación nos centros educativos:**
 - Crearanse dúas comisión de coordinación formada polo director-a, o xefe-a de estudos, o orientador-a e un titor-a de terceiro curso, ou de sexto curso (segundo corresponda)
 - Informarán á comunidade educativa sobre o sentido e finalidade de cadansúa proba.
 - Planificará o seu desenvolvemento.
 - Seleccionará os mestres e mestras responsables da aplicación e corrección da proba.
 - Comunicará esta selección á comisión local, no caso da avaliación final.
 - Adoptará todas as medidas necesarias para a adaptación das probas ao alumnado NEAE.
 - Custodiará os materiais e garantirá a confidencialidade.
 - Garantirá o rigor e a obxectividade en todo o proceso.
 - Organizará a entre dos informes ás familias, e a difusión da información sobre os resultados.
 - Elevará á comisión local o informe sobre as solicitudes de revisión da reválida de sexto.
 - Colaborará coa Administración educativa, coa comisión local, e cos servizos de inspección no que se lle requira.
- **INFORMES**
 - **A Administración educativa fará constar o nivel obtido por cada alumno ou alumna nun informe individual que se entregará ás familias, e trasladarase aos centros nos que o alumnado vaia proseguir a súa escolaridade (tanto en sexto como en terceiro).**
 - Este informe terá carácter informativa e orientador
 - Os centros terán un informe de resultados no que se recollerá información sobre os seus resultados globais.
 - O titor ou titora deberá informar ás familias dos resultados das reválidas.
 - Os centros educativos terán un informe sobre os resultados do centro e de cadanseu grupo, en cada unha das destrezas e competencias avaliadas.

2



Rúa Roma, 21
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

○ **REVISIÓN DE RESULTADOS**

- _As familias poderán solicitar a revisión dos resultados obtidos na avaliación de sexto, iso farase no centro educativo onde se realizou a proba, no prazo de 3 días dende que se lles comunicaron os resultados.
- O director trasladará a solicitude aos correctores, que adoptarán unha decisión en tres días, e logo resolverá en dez días, comunicándolles ás familias, que poderá solicitar revisión diante da comisión local no prazo de dez días.

○ **ANÁLISE DE RESULTADOS NOS CENTROS EDUCATIVOS**

- _Os claustros e consellos escolares farán unha análise de resultados, de terceiro e sexto, e “reflexionarán internamente” para establecer as accións de mellora que incorporarán á PXA.
- Se a reválida é desfavorable, os equipos docente deberá adoptar medidas, que se fixarán en plans de mellora colectivos ou individuais, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

○ **ALUMNADO NEAE**

- Con carácter xeral fará a mesma proba que o resto do alumnado, “adaptando as condicións ás súas necesidades”, adaptando tempos e formatos e facilitándolles medios materiais e axudas técnicas.
- alumnado que leve menos dun ano escolarizado en Galicia e que careza de competencia lingüística abonda, contará con asesoramento, pero os seus resultados non computarán para o cálculo dos datos globais..
- alumnado que teña adaptación curricular avaliarase de acordo con esa adaptación, e os seus resultados non computarán para o cálculo dos datos globais.
- As adaptacións anteriores terá que facelas o titor-a, o orientador-a , e os PT e AL; quen tamén aplicarán e corrixirán as probas.

3

● **ESPECIFICIDADES DA REVÁLIDA DE TERCEIRO DE PRIMARIA:**

- **As probas realizaranse os días 24 e 25 de maio**
- Aplicarán as probas mestres-as que lles dean clases aos nenos-as avaliados, pero que non lles impartan nin lingua galega ou castelá, nin matemáticas; ou sexa, os de música, inglés ou educación física (os de relixión non, porque non lles dan clases a todos-as). Se non é posible, a comisión decidirá outros nomeamentos.
- Corrixirán as probas mestres-as que dean clases de lingua ou matemáticas, pero que non lles dean clases aos nenos-as avaliados. Se non é posible, a comisión decidirá outros nomeamentos.

● **ESPECIFICIDADES DA REVÁLIDA DE SEXTO DE PRIMARIA:**

- **As probas realizaranse os días 11-12-13 de maio**
- As probas agruparanse en tres ámbitos: competencia lingüística en castelán, galego e inglés; competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía; segundo o que se establece no RD 1058/2015 (Anexo I)
- As probas de matemáticas realizaranse en español, e as de ciencia e tecnoloxía en galego, pero no caso de ter sido solicitado polas familias poderán ser realizadas na outra lingua cooficial



Rúa Roma, 21
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

- **DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

- Os datos de carácter persoal estarán nun ficheiro custodiado pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación.
- As familias terán o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición a que se conserven eses datos, este dereito poderase exercer diante da SXT da Consellaría de Educación, da seguinte maneira:
 - Enviando unha comunicación a: Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Edificio Administrativo San Caetano, s/n, bloque 2, 15781 – Santiago de Compostela.
 - A través dun correo electrónico a sxt.cultura.educación@xunta.es



Anexo I – art. 4 do RD 1058/2015

1. O deseño, aplicación e corrección das probas corresponde ás Administracións educativas competentes, que deben garantir as condicións axeita de aplicación e cualificación das mesmas.

2. Corresponde ás Administracións educativas competentes concretar os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliábeis e o deseño das probas da avaliación final da etapa da competencia lingüística en Lingua Cooficial e Literatura, así como aplicar ditas probas.

Estará exento da realización destas probas o alumnado exento de cursos ou de ser avaliado da materia Lingua Cooficial e Literatura, segundo a normativa autonómica correspondente

3. As probas de avaliación final de Educación Primaria agrúpanse en tres ámbitos: competencia en comunicación lingüística, competencia matemática, e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:

a) A avaliación no ámbito da competencia en comunicación lingüística centrarase nas dúas destrezas que delimitan o campo da competencia comunicativa: a comprensión e a expresión. Polo tanto, avaliará as destrezas de comprensión escrito e oral e expresión escrita. Ademais, poderá avaliar a expresión oral. A avaliación destas destrezas poderá levarse a cabo a medio de probas diferentes ou a medio dunha proba integrada que as valore.

As unidades de avaliación contextualizaranse en contornas próximas á vida do alumnado, e incluíran situacións persoais e familiares, escolares, sociais e científicas e humanísticas.

Os textos poderán ser de diversos tipos e formatos, tales como narrativos, descritivos, expositivos, instrutivos, e/ou argumentativos; continuos, descontínuos ou mixtos.

A avaliación da comprensión valorará a capacidade do alumnado para levar a cabo os procesos cognitivos relativos á localización e obtención e información, a integración e interpretación, e a reflexión e valoración .

A avaliación da expresión valorará a capacidade do alumnado para levar a cabo os procesos cognitivos relativos á coherencia, a cohesión e a adecuación e presentación das súas producións lingüísticas e, no caso da expresión oral, a fluidez e a interacción oral.

b) A avaliación no ámbito da competencia matemática implicará a aplicación do coñecemento e razoamentos matemáticos para a resolución de problemas en contextos funcionais relacionados coa vida cotiá.

As unidades de avaliación contextualizaranse en contornas próximas á vida do alumnado, e incluíran situacións persoais e familiares, escolares, sociais e científicas e humanísticas.

A avaliación valorará a capacidade do alumnado para levar a cabo os procesos cognitivos de coñecemento e reprodución de definicións, conceptos e procedementos matemáticos; aplicación e análise de coñecementos para a resolución de problemas; o razoamento e reflexión sobre as estratexias e métodos para a resolución de problemas non obvios; e a validación de resultados.

c) A avaliación no ámbito das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía incluírá a avaliación das habilidades dirixidas a xerar coñecemento científico a medio da colleita de información, planeamento de hipóteses, resolución de problemas ou toma de decisións baseadas en probas e argumentos.

As unidades de avaliación contextualizaranse en contornas próximas á vida do alumnado, e incluíran situacións persoais e familiares, escolares, sociais, e científicas e humanísticas.

A avaliación valorará a capacidade del alumnado para levar a cabo os procesos cognitivos relativos ao coñecemento e reprodución de feitos, conceptos e procedementos; a aplicación e análise de coñecementos para xerar explicacións e resolver problemas prácticos; e o razoamento e reflexión utilizando as evidencias e a comprensión científica.



Rúa Roma, 21
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

Para que dicimos en ANPAS GALEGAS que serve estas probas:

- Para incrementar o traballo administrativo dos centros escolares xusto durante a fin do curso.
- Para provocar un estado de tensión estéril nos escolares de 3º e 6º de primaria.
- Para obter resultados falsos, porque están contaminados pola descontextualización e pola dependencia da situación puntual na que se obteñen.
- Para poñer de manifesto novamente a discriminación do alumnado NEAE, a quen se lle deixa facer a proba, pero cuxos resultados non computarán porque realmente non se quere que participen do proceso educativo.
- Para desprezar publicamente o traballo constante dos titores e titoras destes cursos avaliados, xa que os resultados do centro e do alumnado non se valoran por un curso completo senón por un exame puntual no que non se permite a súa participación.
- Para desprezar ás familias, porque só estamos presentes para “recibir información”, como se non participamos na educación dos nosos fillos, a través do contacto co seu profesorado, pero tamén mediante o traballo directo e permanente cos nosos fillos e fillas.
- Para crear clasificacións de colexios, de grupos, de alumnado, de profesorado, de equipos docentes, de barrios, de zonas xeográficas...; e a consecuencia inevitable das clasificacións son os guetos, porque quen poida escapar dos “malos colexios” e crearanse grupos falseados dende o punto de vista social, tanto de “favorecidos” como de “desfavorecidos”, rompendo o principio de equidade que debe gobernar a escola pública; pero tamén rompendo dun golpe coas xa escasos logros conseguidos na inclusión da diversidade.
- Para considerar de menor importancia aquelas competencias que non van ser avaliadas, o coñecemento do medio, a música, a plástica, a educación física. E isto traerá como consecuencia que estas materias “de segundo nivel” irase abandonando para traballar máis aquelas “das que se poida tirar máis rendemento”.
- Para retroceder na procura dunha educación de competencias e non de contidos; se te van avaliar polos contidos que coñeces ese vai ser o obxecto dos teus estudos.
- Para desprezarnos a nós mesmos; a nosa contorna, a nosa organización vital, os nosos valores e costumes non teñen importancia e non se avalía o seu coñecemento e interiorización. En terceiro a competencia matemática valorarase en castelán, e a nosa lingua só serve para ser auto avaliada; o único para o que serve o galego é para falar galego, pero sempre que non falemos de cousas “importantes”. En sexto, porén, varían esta distribución, agora as competencias matemáticas poden ser avaliadas en galego “sempre que as familias así o soliciten”, a cambio esas mesmas familias poden solicitar tamén a avaliación en castelán das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Por que as familias non podemos solicitar a avaliación en galego das competencias matemáticas de terceiro de primaria, pero si en sexto?, porque nese caso non hai nada que dar a cambio, mentres que en sexto convén propiciar a posibilidade de que toda a reválida poida ser feita en español.
- Para gastar inutilmente os nosos recursos públicos: logo de anos de recortes, agora imos gastar para avaliar cómo estamos logo de estar recortados. Un absurdo.
- Para xustificar calquera medida posterior: unha proba realizada por uns nenos e nenas de oito ou once anos, que están fóra do paraugas protector do seu titor ou titora, pode dar como resultados calquera cousa ou a contraria.

6



Rúa Roma, 21
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

DECÁLOGO DE MOTIVOS POLOS QUE ESTAMOS EN CONTRA DAS REVÁLIDAS DA LOMCE

1. CLASIFICACIÓN DOS CENTROS E COMPETICIÓN (MAL ENTENDIDA) ENTRE OS MESMOS, xa que de publicarse os resultados só conseguirán prexudicar ás escolas de contornas socioeconómicas desfavorecidas, como corroboran diferentes estudos publicados.
2. NEUTRALIZACIÓN de novas iniciativas metodolóxicas dos centros que apostan por proxectos educativos que respectan os ritmos de aprendizaxe e desenvolven os currículos prestando gran atención ás intelixencias múltiples, xa que o modelo de reválida privilexia os contidos, ignora moitas das competencias clave e introduce obstáculos no progreso da formación do alumnado.
3. SELECCIÓN TEMPERÁ, xa que o énfase debería poñerse nas dotacións orzamentarias destinadas a paliar os problemas que unha proba ben deseñada podería contribuir a detectar, e non centrada nos resultados do alumnado, clasificando aos estudantes en “bos e malos”, tentando evitar o acceso destes últimos aos estudos post-obrigatorios.
4. COMPETENCIA MAL ENTENDIDA, xa que centrará os esforzos das escolas na obtención de bos resultados na reválida, e non na necesaria cooperación entre elas.
5. PERVERSIDADE E FALTA DE OBXECTIVIDADE, xa que só se terán en conta algunhas competencias, e dentro destas sobre todo os contidos, e non aspectos moi relevantes como o pensamento crítico, a creatividade, a propia iniciativa, as características individuais de cada persoa, a competencia social e cidadá...
6. DESCONFIANZA E CONTROL INAPROPIADO aos centros e os docentes, cuestionando a súa capacidade para realizar o seu traballo, non mencionando en ningún punto a importancia da formación continuada.
7. INVOLUCIÓN, inspirándose en modelos superados e non nos mellores modelos vixentes en Europa, e centrando os obxectivos de moitos cursos na superación duns exames de dubidosa relevancia, en detrimento de case todos os aspectos importantes no proceso de ensino-aprendizaxe.
8. INEFICACIA, dado que moitos organismos e informes, como o National Research Council de Estados Unidos (2011), expoñen que os sistemas semellantes ao que propón a reválida na LOMCE son ineficaces e non contribúen á mellora da formación do alumnado no futuro; por contra, co tempo os resultados das probas poden mellorar porque o traballo docente e a aprendizaxe das rapazas e rapaces céntranse na realización das probas.
9. IMPOSICIÓN, xa que non se levou a cabo ningún tipo de debate científico, social e político, necesarios para chegar a un consenso, e as reválidas foron aprobados coa maioría de todos os sectores da comunidade educativa en contra.
10. DESCOORDINACIÓN, IMPROVISACIÓN E FALTA DE INFORMACIÓN por parte da Administración que aconsellan a non realización das probas.



Rúa Roma, 21
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

POR ISO EN ANPAS GALEGAS REXEITAMOS TODAS AS REVÁLIDAS DA LOMCE

1. Rexeitamos as avaliacións externas cuxo obxectivo principal non sexa a detección de ámbitos de mellora no sistema educativo de cara a proporcionar aos centros, aos docentes, ao alumnado e ás familias os medios necesarios para a formación integral do alumnado e o desenvolvemento do seu labor.
2. Rexeitamos as avaliacións externas que non se baseen na observación sistemática e prolongada no tempo de indicadores relevantes, senón que se reduzan a observacións parciais e puntuais. Así mesmo, rexeitamos a clasificación dos centros, ou a asignación de medios materiais ou humanos aos mesmos, en función dos resultados de avaliacións externas que non cumpran os necesarios requisitos.
3. Rexeitamos as avaliacións externas cuxo deseño non estea consensuado cos sectores da comunidade educativa e as organizacións procedentes: profesorado, nais e pais, alumnado, ANPAs, organizacións sindicais...
4. Rexeitamos as probas externas que non sexan integramente aplicadas, supervisadas e avaliadas por funcionarios públicos, tanto nos centros públicos como nos privados.

E POLO TANTO

- **ANIMAMOS ÁS FAMILIAS A SUMARSE Á INSUBMISIÓN Á REALIZACION DESTAS PROBAS SOBRE OS NÓSOS FILLOS E FILLAS**, non os enviando ao colexio durante as horas, ou días, da súa realización.
- Chamamos ás familias para que manifesten o seu rexeitamento, a través da presentación do escrito que se acompaña.
- Expresamos publicamente o noso rexeitamento como confederación, e invitamos a todas as federacións e a todas as anpas a que o fagan así en todos os foros que teñan ao seu alcance, páxinas web, redes sociais, taboleiros de anuncios, difusión aos seus socios, etc.
- Esiximos nova e constantemente a derogación da LOMCE, non queremos esa Lei, e non pararemos de dicilo.

8